



Desenvolvimento Sustentável do Eixo Atlântico 2013

Autores

Francisco Cárdenas Ropero
Luís Manuel Morais Leite Ramos
Enrique José Varela Álvarez



Desenvolvimento Sustentável do Eixo Atlântico 2013

Orientações Estratégicas de
Desenvolvimento Sustentável para os
Municípios do Eixo Atlântico do
Noroeste Peninsular no Quadro da
Programação Comunitária 2007-2013
(OEDSEixo, 2007-2013)



Colecção: Biblioteca dos Estudos Estratégicos

Director da colecção: Prof. Dr. Luís Domínguez

AUTORES

Francisco Cárdenas Ropero
Luís Manuel Morais Leite Ramos
Enrique José Varela Álvarez

EDIÇÃO

Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, Vigo

© 2008 Eixo Atlântico

© Os autores

Imprime: Gráficas Planeta, S.L.

ISBN: 978-84-691-4197-7

Depósito legal: VG 765-2008

FRANCISCO CÁRDENAS ROPERO

Licenciado en Ciencias Químicas pola Universidad de Barcelona.
Xefe de Programación e Planificación da Agencia de Ecología Urbana de Barcelona

LUÍS MANUEL MORAIS LEITE RAMOS

Professor Asociado da área de Planeamento e Ordenamento do Territorio.
Investigador do Centro de Estudos de Tecnologías do Ambiente e Vida da UTAD

ENRIQUE JOSÉ VARELA ÁLVAREZ

Profesor Axudante do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
e Filosofía da Universidade de Vigo

COMISIÓN EXECUTIVA / COMISSÃO EXECUTIVA

LUIS FILIPE MENEZES

Presidente / Pdte. da Câmara Municipal de Vila Nova de Gaia

ABEL CABALLERO

Vicepresidente / Alcalde de Vigo

RUI RIO

Vogal / Pdte. Câmara Municipal do Porto

DEFENSOR OLIVEIRA MOURA

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Viana do Castelo

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ LORES

Vocal / Alcalde de Pontevedra

XOSÉ SÁNCHEZ BUGALLO

Vocal / Alcalde de Santiago de Compostela

ANTÓNIO MAGALHAES

Vogal / Pdte. Câmara Municipal de Guimarães

DOLORES GARCÍA

Vocal / Alcaldesa de Vilagarcía de Arousa

SERVIZOS TÉCNICOS – SERVIÇOS TÉCNICOS

XOAN MAO

Secretario Xeral / Secretario geral

AMAYA GARCÍA

Coordinadora – Galicia (España)

CLAUDIA ANTUNES

Coordenadora – Região Norte (Portugal)

PAULA SALGUEIRO TILVE

Comunicación e Publicacións

Rúa Bolivia, 4
36203 VIGO
Tel. 0034 986 480 616
Fax. 0034 482 022

Av. Inferior á Ponte D. Luís 1, 55
5050 – 074 PORTO
Tel. 00351 222 019 937/8
Fax. 00351 222 019 939

Presentación	9
1. Introducción	11
1.1. Marco do Estudo	11
1.2. Obxectivos	15
1.3. Estrutura Metodolóxica do Estudo	16
 I Parte. AS AGENDAS DOS MUNICÍPIOS DO EIXO ATLÂNTICO: UMA VISÃO DE FUTURO MAIS SUSTENTÁVEL	
1. Uma nova concepção para a elaboração da Agenda 21	21
2. O modelo analítico que se seguiu nas agendas 21 do Eixo	25
3. Alguns elementos conceptuais: para um modelo de desenvolvimento mais sustentável	27
4. A necessidade de uma aproximação ecossistémica: complexidade vs. linearidade	31
5. Metodologia e Instrumentos para o diagnóstico	33
5.1. Algumas considerações instrumentais: os sistemas de informação municipal e de suporte para a tomada de decisões para o planeamento estratégico	33
5.2. Uma nova cultura da gestão	34
6. A relação das Agendas 21 do eixo com a política comunitária	37
7. A Compactação	39
7.1. Compactação vs. dispersão	39
7.2. A correcção da compactação	42
7.3. Modelo de ocupação do território mais sustentável: a relação urbano-rural	51
8. A complexidade	53
8.1. A tendência para a complexidade dos sistemas	53
8.2. Complexidade vs. simplificação	54
8.3. A complexidade, um critério básico para a planeamento	56
8.4. A informação como estratégia para competir	61
9. A biodiversidade	65

10. A eficiência. O metabolismo urbano	73
10.1. O ciclo de materiais: os modelos de resíduos	75
10.1.1. Minimização e reutilização de resíduos	75
10.1.2. Recuperação e valorização de materiais	76
10.1.3. A disposição dos fluxos sem recuperação	77
10.2. O ciclo da água	79
10.2.1. Conservar e gerir o consumo de água	80
10.3. A energia	82
10.4. A contaminação atmosférica	83
10.5. O ruído	83
11. Estabilidade, Coesão Social e Co-desenvolvimento	85
11.1. A estabilidade	85
11.2. Coesão social	87
11.3. Co-desenvolvimento	87
11.4. Estabilidade urbana promovendo uma diversidade equilibrada	88
11.5. O envelhecimento	90
11.6. A diversidade de rendimentos	91
11.7. Uma política de habitação adaptada aos problemas actuais	92
11.8. Sanidade, saúde pública e programas de compensação social	93
12. Conclusões	95

**II Parte. DO LOCAL AO GLOBAL: OPORTUNIDADES DE
DESENVOLVIMENTO SOSTIBILE NOS CONCELLOS DO
EIXO ATLÁNTICO CARA AO 2013**

1. Os Plans de Acción e Sostibilidade Local en materia de desenvolvemento sostible	101
1.1. Síntese do Modelo Teórico de Axendas 21 do Eixo Atlántico	101
1.2. Aplicación do Modelo Teórico das Axendas 21 do Eixo Atlántico	102
1.2.1. Plans de Acción dos Concellos de Galicia: Ourense, Ferrol, Monforte e Santiago de Compostela	102
1.2.2. Municipios do Norte de Portugal: Braga, Bragança, Chaves, Guimarães, Peso da Régua, Viana do Castelo, Vila Nova de Gaia, Vila Real	115
2. Encadramento e oportunidades de financiamento	125
2.1. Liñas de Programación Comunitaria 2007-2013 de interese para o Desenvolvemento Sostible nos Concellos e Municipios de Galicia e o Norte de Portugal	125
2.2. O MENR, o MECEGA e o Financiamento dos Proxectos nos Concellos de Galicia	125
2.2.1. Programas Rexionais de Apoio ao Desenvolvemento Sostible Local en Galicia	132

2.3. O QREN, o NORTE 2015 e o Financiamento dos Proxectos nos Municipios Portugueses	135
2.4. O Programa Operacional de Cooperación Territorial España-Portugal (POCTEP)	159
2.4.1. O Plano Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013	165
3. Contribucións para o Desenvolvemento de Accións Comúns	169
3.1. Ámbitos de Cooperación e Tipoloxías de Proxectos Comúns	169
3.2. Orientacións e Recomendacións	173
4. Conclusións: O Eixo Atlántico como Axencia de Ecoloxía Urbana Transfronteiriza na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal	175
Bibliografía	177
Anexos:	
<i>Anexo I:</i> Documentos de referencia da Unión Europea, España, Portugal e Galicia	179
<i>Anexo II:</i> Currículum Vitae dos Autores do Estudo	181

Palabras Chave:

Concellos Galicia e Norte de Portugal, Desenvolvemento Sostible, Análise Estratéxico, Axendas 21, Diagnósticos, Plans de Acción, Programación Comunitaria 2007-2013

PRESENTACIÓN

O fin do Século XX deixou pegadas (mesmo ecolóxicas) imborrables nas sociedades de benestar contemporáneas, unha delas, se calla non a máis importante, pasou por universalizar o concepto de desenvolvemento sostible.

Tras dous séculos “revolucionarios” onde se consagraron os principios das democracias actuais (especialmente os de liberdade e igualdade, tamén o de equidade), onde a sociedade europea ten progresado social, económica e tecnoloxicamente máis que nos dous mil anos anteriores; chegamos aos fins do século pasado cunha clara crise do modelo de crecemento baseado no consumo ilimitado de recursos naturais. De aí a necesidade de repensar estes modelos de desenvolvemento en clave de sostibilidade socioambiental coa implicación dos Gobernos locais e da cidadanía.

Pasados primeiros momentos das grandes propostas de cambio, das estratexias con maiúsculas desenvolvidas pola Unión Europea, polos Estados, mesmo por algunhas rexións, baixo o pomposo nome de Estratexias de Desenvolvemento Sostible, chega a hora dos Concellos, o “potere locale” que dende a súa realidade de proximidade son quen non só de definir problemas, senón tamén de orientar as súas solucións, no marco da gobernanza multinivel.

Este é o maior logro de Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, facer que os Concellos dun e doutro lado da raia da Comunidade Autónoma de Galicia e da Região Norte de Portugal, queden convencidos da súa capacidade para liderar unha visión conxunta e estratéxica de xestión eurorrexional do desenvolvemento sostible.

Os mimbres xa foron postos ao longo destes anos. O Eixo Atlántico arriscou como organización asociativa de base local e transfronteiriza como poucas o fixeron, “ensinando a pescar” aos Concellos e non só “comprándolles a cana”, para que estes traballaran a prol da sostibilidade, que tamén é cousa local.

A súa aposta evoluiu dunha metodoloxía avalada pola Unión Europea (*Urban Audit*), cara a outra que tamén o é (ecosistémica), e que ademáis fai dos procesos de sostibilidade marcos de compromiso holísticos integrando o desenvolvemento nunha nova filosofía de crecemento económico, ambiental, social e de xestión pública.

No Eixo Atlántico temos hoxe un camiño percorrido que, coa perspectiva que dan os logros e os fracasos de todo proxecto complexo (e a procura da sostibilidade o é), foi quen de introducir unha filosofía de xestión do desenvolvemento sostible innovadora, dentro das organizacións locais do Eixo, consolidando tal perspectiva de sostibilidade na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (34 membros), e na Europa (EUROMOT).

Sen dúbida, o mellor do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, como organización orientadora de accións estratégicas no eido do desenvolvemento sostible, está por vires, seica a través dunha nova fórmula xurídica (AECT), seica a través de solucións organizativas máis complexas e sólidas (Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico).

En todo caso, tan só depende dos homes e mulleres (Alcaldes e Alcaldesas, Concelleiros e Concelleiras, Técnicos dos Concellos), que fan ao Eixo Atlántico día a día.

Cara a eles, e aos cidadáns da Eurorrexión Galicia-Norte e Portugal, van orientadas estas reflexións estratéxicas.

En Vigo, 12 de mayo do 2008

Os Autores

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO DO ESTUDO

Con base nas decisións adoptadas na Comisión Delegada de Medio Ambiente do Eixo Atlántico, desenvolvida en Monforte de Lemos (12-X-2006), propúxose, a petición da Cámara Municipal de Bragança, encargar a un grupo de expertos nas materias de medio ambiente e xestión pública local¹, un informe de estratexia conxunta sobre o proxecto de Axendas 21 que o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular ven de implementar ao longo do último lustro (2003-2007), co fin de que as súas reflexións poidan aportar unha visión estratéxica complementaria de futuro ás actuacións acometidas polos Concellos do Eixo en favor do desenvolvemento local sostible, no marco da actual programación financeira comunitaria para o período en vigor 2007-2013.

O xérmolo deste estudio aparece na reunión mantida no Eixo Atlántico o 19 de decembro de 2006, en relación coa elaboración de “Estudos Complementarios ás Axendas Locais XXI”, na que se decide o desenvolvemento dun conxunto de Estudos, que deberían contemplar os seguintes obxectivos:

- Aproveitar a dinámica criada e o traballo desenvolvido para instituir unha Comisión do Medio Ambiente, á cal agregáranse as competencias e os coñecimentos acumulados neste ámbito e promoverá a indispensable reflexión estratéxica para o lanzamento de novas iniciativas e proxectos;
- Asegurar a implementación dos respectivos Planos de Acción, a través dun encadramento estratéxico das diferentes accións e proxectos que permita unha aproximación competitiva cara ao QREN e ao MENR;
- Garantir a integración das estratexias preconizadas nas diferentes políticas municipais, a través dun conxunto de orientacións e recomendacións;
- Posta en marcha das infraestruturas ambientais e das prioridades.

1. Informe Parcial IEAX21: 2007-2013, entregado á Comisión Delegada de Medio Ambiente celebrada na Cámara de Chaves, con data de 20-VI-07; Informe Final IEAX21: 2007-2013, entregado á Comisión Delegada de Medio Ambiente, celebrada no Concello de Vigo, con data de 15-XI-07.

Entre os estudos propostos figuran dous documentos-marco, un sobre o desenvolvemento sostible e, na altura, outro, sobre a inminente resolución da programación comunitaria para os próximos anos:

- *Documento Estratégico de Posicionamento cara ao QREN*: Plans de Accións conxuntos (agrupar e encadrar accións e proxectos) e identificacións e análise de oportunidades no ámbito do QREN.
- *Documento de Encadramento para as Políticas Municipais*: Infraestruturas Ambientais: Diagnóstico e prioridades; levantamento das existencias e carencias; definicións de prioridades e proxectos.

A tal fin, en xaneiro de 2007, a Secretaría Xeral do Eixo Atlántico encarga a un grupo de expertos² a redacción dun Informe de Estratexia que, na súa primeira fase (Primeiro Informe) servira de orientación á toma de decisións de Concellos e Câmaras sobre algunhas das actuacións que estes poden levar a cabo en materia de desenvolvemento sostible, e que poidan ser obxecto dunha posible convocatoria ante a Unión Europea, no marco da súa programación para o período 2007-2013.

No mesmo senso, e en paralelo á elaboración do traballo, en sede do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular teñen lugar unha serie de fitos en forma de adopción de decisións tomadas dende a súa Comisión Delegada de Medio Ambiente, que dun xeito complementario á resolución da Programación Comunitaria 2007-2013, e ao desenvolvemento dos plans que a aplican en España, Portugal, Galicia e a Rexión Norte de Portugal, enmarcan o traballo de análise que o lector ten nas súas mans. Algúns deste fitos salientables os destacamos a continuación, a xeito de contexto do estudo:

- a) Na Comisión Delegada de Medio Ambiente en Ferrol (8-III-2007), avánzanse algunhas das liñas de traballo para os Concellos e Câmaras do Eixo Atlántico co obxectivo posto no actual período de Programación Comunitaria 2007-2013, entre eles: crear a Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico; dar continuidade aos traballos sobre a xestión da información xeográfica extraída do Proxecto SIUTEA; crear o Plan de Indicadores de Sostibilidade Urbana (PISU), ambos no ámbito da devandita Axencia.

2. Para o que se contrata aos profesores Luis Ramos (Profesor de Planificación e Ordenación do Territorio da Universidade de Tras-Os-Montes e Alto Douro), Enrique José Varela Álvarez (Profesor de Ciencia Política e da Administración da Universidade de Vigo), e Francisco Cárdenas (Xefe de Programación e Planificación da Axencia de Ecoloxía Urbana, Barcelona Ecología).

- b) Namentres, estos primeiros meses do 2007 resultaron claves para a redacción definitiva das propostas de programación de España e Portugal na organización dos fondos estruturais cara ao 2013: o QREN, o MENR, o PORNT, o MECEGA, o Plan Extratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal...
- c) Pouco tempo despois realízase a presentación do Informe do *Servizo de Estudos do Eixo Atlántico*: “Sete Ideias para Sete Anos Decisivos. Agenda Estratégica do Eixo Atlántico” (16-VI-07³; Domínguez e Pardellas, 2007); sobre o que pivotan unha serie de elementos de reflexión-acción que deberán ser considerados neste período de programación económica, ademais de incluídos na Axenda Estratégica do Eixo para os próximos anos. Un dos elementos chave, como non podía ser doutro xeito dado o traballo desenvolvido ata a data, é o desenvolvemento sostible, recollido na “Idea estratéxica II: Un sistema urbano sustentable”, baseado en accións sobre a xestión da auga (Medida 5), e nas actuacións en materia de inclusión social (Medida 7). Pero sobre todo na establecida na “Elaboración dun programa de calidade de vida nas cidades do Eixo Atlántico” (Medida 6) integral que contemple a rehabilitación dos centros urbáns, a utilización racional da enerxía, a mobilidade urbana e a xestión do ruído, a creación de corredoiras ecolóxicas nos espazos urbáns, a elaboración de programas de educación ambiental, ou a introducción na axenda da problemática do envellecemento da poboación e da xuventude.
- d) A continuación, e na Comisión Delegada de Medio Ambiente celebrada no Municipio de Chaves (20-VI-07), certifícase o peche do proceso de Axendas Locais 21 do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (certificación final), iniciado no mes de xuño do 2003. A conclusión do proceso, dá pé a unha análise de carácter prospectivo que ten como elementos salientables: a revisión da participación social; a presentación do Informe Parcial sobre as estratexias das Axendas 21 do Eixo (en diante, IEAX21: 2007-2013); a elaboración de propostas para novo período de fondos comunitarios 2007-2013, en especial no relacionado co PISU (con nova denominación), como Plan Integral de Sostibilidade Urbana.
- e) Na última Comisión Delegada do 2007, celebrada en Vigo (15-XI-07) preséntanse os contidos do Informe Estratéxico (Informe Final) enca-

3. <http://www.eixoatlantico.org/noticia.php?id=62>

rregado meses atrás, o cal é aprobado polos asistentes, co compromiso por parte do Eixo e dos autores de elaborar un texto que poida ser publicado e que sirva de referencia cara aos novos Concellos que, na altura, se ían integrar.

- f) E é que ao longo dos anos 2007⁴ e 2008⁵, prodúcese a incorporación de novas cidades ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, pasando de 18 a 28⁶, e finalmente ao número actual de 34⁷ Concellos.
- g) Na derradeira Asamblea Xeral, celebrada o pasado mes de febreiro en Vigo, apróbanse as liñas de traballo do Eixo Atlántico para o ano 2008, anteriormente propostas nas respectivas Comisións Delegadas, entre as que se inclúe a programación da Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico e o Plan Integral de Sostibilidade Urbana, centro da nova política do Eixo Atlántico para os próximos anos.
- h) Xa nun último intre, prodúcese a aprobación da programación europea en materia de Cooperación Territorial, a través das liñas do Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal (POCTEP, Badaxoz, 6 e 7 de febreiro de 2008).

Estes fitos avalan a necesidade de que, da proposta plantexada aos autores nun primeiro momento como Informe Estratéxico (IEAX21: 2007-2013), se evoluiu ao actual formato de “Orientacións Estratéxicas de Desenvolvemento Sostible para os Concellos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular no Marco da Programación Comunitaria 2007-2013” (OEDSEixo, 2007-2013); publicación, dentro da colección Biblioteca de Estudos Estratéxicos do *Servizo de Publicacións* do Eixo Atlántico, cuns obxectivos máis amplos, nos que necesariamente se deben ver reflectidos os procesos de ampliación do Eixo Atlántico e a consolidación multinivel da programación comunitaria no espacio da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal.

4. Asamblea Xeral do Eixo Atlántico celebrada na Cámara de Vilanova Gaia, o día 11-VII-07.

5. Asamblea Xeral do Eixo Atlántico celebrada no Concello de Vigo, o día 8-II-08.

6. Por parte galega, Carballo, Verín, Lalín, O Barco de Valdeorras e Viveiro; por parte portuguesa, Barcelos, Mirandela, Famalicão, Vila do Conde e Matosinhos.

7. Por parte galega, Sarria, Santa Uxía de Riveira e Carballiño; por parte portuguesa, Lamego, Penafiel e Macedo de Cavaleiros.

1.2. OBXECTIVOS:

Este proceso, breve pero intenso, sobre a perspectiva que en materia de sostibilidade local transfronteiriza ven de traballar o Eixo Atlántico nos últimos anos para a trama urbana da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, planteaba un estudo cos seguintes obxectivos:

- Por unha parte, recopilouse, sintetizouse e analizouse a documentación máis salientable do proceso de Axendas 21 do Eixo, co fin de ter unha visión de conxunto dos resultados do proceso.
- Por outra, extraíronse as liñas básicas de traballo das diferentes Axendas, que tiveron maior relevancia e que poideran resultar apoiadas por varios Concellos no marco do Eixo, co fin de propor actuacións dende os Concellos de Galicia e Norte de Portugal ás diferentes candidaturas sobre desenvolvemento sostible dentro da Programación Comunitaria 2007-2013.
- Fíxose, ademáis, un seguemento polo miúdo do proceso de elaboración da programación específica do marco financeiro 2007-2013 para Galicia e o Norte de Portugal, dende a aprobación dos marcos estatais (QREN e MENR), ata o desenvolvemento rexional (MECEGA e NORTE 2015), pasando pola definición conxunta de prioridades (Plan Extratético de Cooperación Galicia-Norte de Portugal), ata chegar á proposta do escenario conxunto do Programa Operativo de Cooperación Territorial España-Portugal.
- Finalmente, analizáronse diferentes candidaturas do Eixo Atlántico á Programación Comunitaria 2007-2013, co fin de observa-la estrutura-ción da sostibilidade no conxunto de actuacións do Eixo cara aos próximos anos.

Estaríamos, polo tanto, ante un estudo que recolle dúas partes diferenciadas, pero integradas, no conxunto do “Orientacións Estratéxicas de Desenvolvemento Sostible para os Concellos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular no Marco da Programación Comunitaria 2007-2013” (OEDSEixo, 2007-2013):

- Unha Primeira Parte, titulada como “As Agendas dos Municípios do Eixo Atlántico: Uma Visão de Futuro mais Sustentável”, que supón unha necesaria síntese dos principais resultados das Axendas 21 para os Concellos que fixeron parte do proceso no Eixo Atlántico. Deste proceso de innovación e aprendizaxe queda unha enorme experiencia institucional e técnica que, de seguro, axudará aos Concellos recén

ingresados no Eixo, ou aqueloutros que desexen camiñar pola senda da sostibilidade.

- Unha Segunda Parte, nomeada como “Do Local ao Global: Oportunidades de Desenvolvemento Sostible nos Concellos do Eixo Atlántico cara ao 2013”, onde se recolle a esencia das actuacións desenvolvidas en materia de sostibilidade polos Concellos e Câmaras galegas e portuguesas, postas en conexión coa oferta da programación europea en materia de Fondos Estruturais para o período vixente 2007-2013. Se calla, algunha das actividades desenvolvidas dun xeito individual polos Concellos, poderán formar parte das candidaturas para o QREN, o MENR ou aos diferentes programas de Cooperación Territorial que oferta a Unión Europea, xa dun xeito colectivo, integrado nunha estratexia ben do Eixo Atlántico, ben dos Municipios interesados.

1.3. ESTRUCTURA METODOLÓXICA DO ESTUDO

Para a elaboración das “Orientacións Estratéxicas de Desenvolvemento Sostible para os Concellos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular no Marco da Programación Comunitaria 2007-2013” (OEDSEixo, 2007-2013), estableceuse unha metodoloxía baseada na análise de fontes secundarias, aportadas sempre pola asistencia técnica de Barcelona Ecoloxía (encarregada da coordinación da documentación final das Axendas 21), á que os Concellos e Câmaras remitiron a información dispoñible⁸ ao final dos respectivos procesos de sostibilidade local⁹.

8. A xestión da información ao longo do tempo de implementación das Axendas 21 resultou extremadamente complexo, xa que logo na metade do proceso de implementación produciuse unha substitución da asistencia técnica encargada de xestionalas. Barcelona Ecoloxía fíxose cargo así dun proceso xa comezado, onde unha parte importante da información xa fora deseñada e traballada antes da súa chegada. Como exemplo destacado pódese comentar a calidade dos gráficos, esquemas e mapas de situación dos Concellos que aparecen na primeira parte do estudio (pp. 21-97) para algunhas das variables fixadas: compactación, complexidade... Aínda que a calidade da reprodución destes soportes gráficos non é óptima, consideramos importante a súa incorporación ao estudio como mostra visual das variables analizadas nalgúns dos Concellos participantes.

9. Fíxose unha análise máis polo miúdo dos Diagnósticos, Plans de Acción e de Participación Social das Axendas 21 dos seguintes Concellos do Eixo Atlántico: pola parte galega, Ferrol, Ourense, Monforte de Lemos e Santiago de Compostela; pola parte portuguesa, Braga, Bragança, Chaves, Guimarães, Peso da Régua, Vila Nova de Gaia, Viana do Castelo e Vila Real; vid. RAMOS, L. e VARELA, E.J. (2007). “Informe Estratéxico sobre as Axendas 21 dos Concellos do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular e o novo período de Programación Comunitaria 2007-2013 (Novembro 2007). Informe Final”, Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (sen publicar).

Esta información básica das organizacións locais, foi complementada polo análise da documentación europea, estatal, rexional e local máis relevante relacionadas co novo período de Programación Comunitaria 2007-2013, de interese para poder ter unha visión completa das orientacións estratéxicas sobre a sostibilidade nos Concellos do Eixo Atlántico.

En relación con este proceso de xestión e análise da documentación, débense facer unha serie de *considerandos* previos ao inicio do estudo.


1. A aproximación metodolóxica foi sempre ecosistémica, a través dos instrumentos propios da ecoloxía, no marco do modelo analítico “Sistema-Entorno”, xa comentado en anteriores traballos polos responsables de Barcelona Ecología¹⁰ (CÁRDENAS, 2007; CÁRDENAS, 2006: 63-77; CÁRDENAS, 2005: 431-466; RUEDA, 2005: 467-497), e aplicado ao proceso das Axendas 21 do Eixo Atlántico.
2. Ao longo do proxecto definiuse un modelo de desenvolvemento sostible baseado en estratexias de competitividade urbán dende a xestión da información e do coñecemento, e non tanto no consumo de recursos e os impactos infraestruturais (ordenación urbana) sobre o territorio. Este modelo foi consensuado con todas as cidades participantes, e se enche de contido a partires de catro eixos estratéxicos: compacidade; complexidade; biodiversidade; e estabilidade, coesión social e codesenvolvemento.
3. Dende esta aproximación neoinstitucional da *path dependence* (causas, evolución e consecuencias da situación actual), fuxiuse no estudo das OEDSEixo, 2007-2013, dunha análise estratéxica clásica (ARELLANO, 2003; BAZAGA, 1997; FRIEDMANN, 2001), onde os aspectos internos, así como as súas fortalezas e feblezas, foron previamente definidas (Diagnósticos e Plans de Acción) por Concellos e Câmaras, pero onde tamén, algúns destes elementos foran modificados polo entorno (en consecuencia tamén as súas ameazas e oportunidades), deixando pendentes a profundización-reorientación nas AX21Eixo, tanto da nova orientación estratéxica dos Concellos como da programación económica que tralo marco comunitario 2007-2013, asuman os decisores de Lisboa, Madrid e Galicia, para os seus respectivos territorios.

10. Ver www.bcnecologia.net; <http://www.eixo21.com/index.php>

DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁVEL DO
EIXO ATLÂNTICO 2013

I PARTE

AS AGENDAS DOS MUNICÍPIOS DO EIXO ATLÂNTICO: UMA VISÃO DE FUTURO MAIS SUSTENTÁVEL



Os municípios do Eixo Atlântico desenvolveram um processo conjunto de elaboração das suas Agendas 21. Como se verá, neste processo fez-se uma série de contribuições conceptuais e metodológicas que o tornam muito inovador. Também é de ressaltar a sua dimensão territorial e o número de municípios que decidem trabalhar juntos (uma população residente de mais de 2.100.000 habitantes e um território de mais de 4.400 km²).

Este é um documento de síntese do processo de elaboração das Agendas 21 dos municípios do Eixo Atlântico, de onde se ressaltam as linhas-mestras do dito processo em relação aos diagnósticos. Parte-se da ideia de que um bom diagnóstico, em particular se é intencional, já os aproxima da fase propositiva de resolução do conflito, que ficará reflectido no Plano de acção e iniciará processos novos ou já propostos com anterioridade à margem das Agendas 21, mas que encontram nesta o seu marco de referência que lhe dá coerência.

Não se trata, pois, de uma relação dos diagnósticos das cidades participantes, que pode ser consultado com pormenor por diferentes vias. Contudo, detectam-se problemas comuns, fruto de tendências gerais e modelos vigentes, que explicitados ou não, servem de base ao desenvolvimento dos nossos municípios e à sua relação com o meio envolvente.

O processo não esteve isento de dificuldades. Os pedidos de informação e o seu tratamento foram grandes. A adopção de um novo modelo, apesar de consensual e adoptado conjuntamente desde o princípio, nunca é fácil. Foram muitos os técnicos municipais e externos implicados no processo, que tem precisamente nas suas dimensões um dos seus valores acrescentados mais importantes. Um amplo território que abarca realidades muito diferentes, organizado num marco transfronteiriço como é o Eixo Atlântico do Noroeste Peninsular, trabalhou conjuntamente num processo inovador de elaboração das suas Agendas 21.

1. UMA NOVA CONCEPÇÃO PARA A ELABORAÇÃO DA AGENDA 21

As Agendas 21 elaboraram-se normalmente sob uma metodologia amplamente generalizada, que neste projecto foi repensada num novo modelo conceptual e instrumental, mantendo os eixos básicos: diagnóstico, plano de acção, processos de participação...

No nosso caso o processo inicia-se com uma reflexão profunda sobre o próprio conceito de “desenvolvimento sustentável”, para definir um modelo analítico de aproximação aos nossos sistemas urbanos e rurais.

A Agenda 21 local é um documento de compromisso e projectos de futuro em que autoridades locais e cidadãos fornecem as bases para um desenvolvimento sustentável no município. No nosso caso não se pretende dar resposta a todos os problemas. Trata-se, e já não é pouco, de definir um modelo tendencial para o qual queremos dirigir as nossas acções, definir os eixos estratégicos que lhe dão sentido, e enchê-los de conteúdo naqueles aspectos que se consideram prioritários.

Em muitos casos, a elaboração de Agendas 21 gerou processos posteriores de seguimento na rede, de intercâmbio de experiências. Neste caso foi uma organização supramunicipal a impulsora do processo, que se viu enriquecido nas comissões de seguimento que se efectuaram ao longo do processo.

O diagnóstico que se realizou em cada município é intencional, quer dizer, incide naqueles elementos-chave que depois permitirão desenvolver um Plano de acção que incida num determinado modelo de desenvolvimento que se postula como mais sustentável. Os diagnósticos permitem aflorar algumas disfunções dos municípios, mas também as suas potencialidades para superá-las. A elaboração dos diagnósticos supôs a recompilação de grande quantidade de informação, de muitos âmbitos diferentes, e a reunião num sistema único de informação com base territorial. Este processo, de per si complexo, permite dispor de uma visão integral do município, mais além de visões parciais e portanto de aproximações também parciais para a resolução dos conflitos, que o ecossistema urbano e rural apresenta.

Fruto da metodologia aplicada nos diagnósticos, estes serviram para aflorar já as principais ideias do Plano de acção, e portanto neste documento se recolherão também estas pautas ou linhas estratégicas surgidas do processo de elaboração dos diagnósticos.

O nosso ponto de partida é a cidade como um ecossistema em que se inter-relacionam inúmeras variáveis. Como qualquer ecossistema, é constituído por múltiplos componentes, vivos e não vivos, num território concreto, que se inter-relacionam entre si e com o seu meio envolvente (MARGALEF, 1981). A aproximação à cidade enquanto ecossistema urbano pode ser complementar com visões mais verticais ligadas aos aspectos parciais que têm lugar na urbe e que servem também para articular as actuais estruturas administrativas de gestão. Contudo, só a partir de uma visão ampla –um modelo de cidade-ganham sentido determinadas intervenções. O Plano de acção desenvolvido a partir dos diagnósticos incidirá forçosamente em poucas linhas, estratégicas, chaves nesse momento para o município, mas que encontram o seu enquadramento numa reflexão muito mais ampla do modelo de cidade que queremos.

Como consequência directa dos trabalhos da Agenda 21, já se iniciaram em vários municípios processos de desenvolvimento dalgumas das linhas propostas, quer seja no âmbito da competitividade e das suas estratégias associadas, quer no da mobilidade, espaço público...

A aproximação, desde este prisma, à resolução das disfunções dos sistemas urbanos ou rurais requer não só instrumentos técnicos, mas também organização e recursos para a sua implementação.

Tal como os diagnósticos manifestaram, sem uma nova organização, a aproximação à resolução dos conflitos urbanos torna-se muito difícil. É necessário a superação de estruturas administrativas excessivamente lineares. Nenhuma área ou departamento municipal, por si só, tem a solução para os problemas nas cidades, por localizados que estes pareçam. A aposta numa nova cultura na administração pública é uma das principais conclusões do processo, e neste sentido foi importante que o processo de elaboração das agendas 21 tenha sido liderado desde o princípio pelos máximos responsáveis a nível político na cidade, e impulsionado por uma organização supramunicipal como é o Eixo Atlântico. Em definitivo, trata-se não só de propor soluções técnicas, mas também instrumentos organizacionais, legais, económicos ou de educação e participação que as complementam.

Na actualidade são centenas as cidades em Espanha e Portugal que elaboraram, ou estão em processo de elaboração, a sua Agenda 21 e vários milhares a nível planetário. Apesar deste grande esforço, os indicadores de seguimento não parecem indicar uma mudança de tendência desejável. Efectivamente, as conclusões do Relatório de Sustentabilidade que publica o Observatório da Sustentabilidade em Espanha (OSE, 2006) indicam de uma maneira clara que a degradação ambiental aumenta. As emissões de gases de efeito de estufa aumentaram 45% em 14 anos (este é o primeiro ano em que parece observar-se uma redução). O consumo de energia primária duplicou nos últimos 20 anos. A intensidade energética, quer dizer, a quantidade de energia necessária para produzir uma determinada unidade de Produto Interior Bruto, da economia espanhola cresceu uma média de 0,5 % anualmente entre 1990 e 2003, enquanto que no conjunto da UE se reduziu 1,5%. O nível de dependência energética é de 78% e continua a crescer. Sectores como o transporte, o turismo e a construção continuam a incrementar a sua pressão sobre o território e o uso de recursos naturais. Apesar de a maioria serem tendências pouco sustentáveis, o mesmo relatório recolhe alguns avanços positivos: a expansão da agricultura ecológica, o aumento de áreas protegidas, o aumento de energias renováveis.

É verdade que as variações nestes indicadores não são iguais se se analisarem com mais pormenor territorial. Por exemplo, na Galiza o incremento de gases efeito de estufa no período entre 1990-2004 foi de 37,36%, mais do dobro do permitido no protocolo de Quioto, ainda que inferior à média espanhola.

Se pensarmos que nunca como até agora se tinham dedicado tantos recursos económicos, organizacionais, normativos e técnicos à protecção do meio ambiente, nem tantos municípios, empresas e outras organizações tinham desenvolvido processos de Agenda 21, parece que só com a intensificação de esforços não é suficiente para inverter a tendência de um desenvolvimento cada vez mais insustentável.

Aparece cada vez mais clara a ideia de limite. O meio envolvente que serve de suporte aos nossos sistemas urbanos não pode ser considerado como um produtor ilimitado de recursos, nem como um esgoto interminável de materiais residuais: resíduos sólidos, contaminantes atmosféricos, águas contaminadas,...

É necessário recuperar, no processo de planeamento, a ideia de ciclos naturais. Repensar os nossos modelos de organização e as estratégias de competitividade para as tornar compatíveis com os princípios anteriores, sem que isso implique forçosamente reduzir a “qualidade de vida” das nossas sociedades.

Este é o objectivo das Agendas 21: reconduzir os nossos modelos de desenvolvimento para tornar compatíveis “qualidade de vida” e “sustentabilidade”. Por exemplo, à escala urbana, é possível organizar a cidade de maneira a reduzir-se a dependência do veículo particular (está na base de boa parte das disfunções) sem perder funcionalidade e ao mesmo tempo podermos circular cómoda e rapidamente? À escala social, é possível continuar com um desenvolvimento maior sem que ao mesmo tempo as diferenças entre os mais ricos e os mais pobres seja também cada vez maior?

Poderíamos fazer muitas perguntas como estas. As respostas não são fáceis e supõem a necessidade de um novo modelo de referência, e consequentemente, de novos instrumentos e aproximações à realidade.

2. O MODELO ANALÍTICO QUE SE SEGUIU NAS AGENDAS 21 DO EIXO

Em muitos processos de implantação das Agendas 21 locais, assim como em processos de auditorias urbanas, propõe-se como marco de análise o denominado Pressão-Estado-Resposta (DPSIR), desenvolvido pela primeira vez por FRIEND e RAPPORT (1979). Este marco, introduzido no conjunto de países da OCDE ao ter constituído o modelo de desenvolvimento de indicadores ambientais desse organismo internacional, baseia-se no conceito de causalidade: “as actividades humanas exercem pressões sobre o meio e alteram a sua qualidade e a quantidade dos recursos naturais. A sociedade responde a essas alterações através de políticas ambientais, sectoriais e económicas. Este último cria uma espiral em direcção às actividades humanas de pressão. Em termos gerais, estes passos fazem parte de um ciclo de política ambiental que inclui a percepção do problema, a formulação de políticas e o seguimento e avaliação das mesmas” (OCDE, 1993).

O sistema considera então a necessidade de desenvolver três tipos de indicadores para abordar cada um dos temas, ou áreas políticas e socialmente relevantes: de pressão, de estado e de resposta.

A utilidade deste modelo é que se adapta aos passos de um modelo decisório qualquer e que, por outro lado, é comum à forma de pensar de quem decide e da comunidade científica.

A simplicidade do mesmo sugere relações lineares entre as partes, ocultando relações mais complexas dentro dos ecossistemas e relações também complexas entre estas e outros sistemas, como o social ou o económico.

A necessidade de informação clara, simples e agregada para a descrição de um problema sobre o qual decidir, enfrenta-se neste modelo com a ausência de um marco teórico apropriado, o que dificulta o discernimento entre diversas informações sem qualquer hierarquia teórica. Frente a tal carência, opta-se em muitas ocasiões por integrar um alto número de variáveis no sistema, por temor

a deixar variáveis significativas fora, retornando ao ponto de partida a saber, uma quantidade enorme de dados que não transmite a informação necessária para tomar decisões (RUEDA, 1999).

O modelo Sistema-Ambiente, analisado e aplicado no processo de Agendas 21 dos municípios do Eixo Atlântico, constitui um marco teórico que inclui e transcende o modelo analítico: pressão-estado-resposta, já que a “pressão” se reflecte na sensibilidade do meio, o “estado” corresponde à complexidade e à sua variação nos sistemas de suporte e do próprio sistema urbano, e a “resposta” coincide com a capacidade de antecipação do sistema.

3. ALGUNS ELEMENTOS CONCEPTUAIS: PARA UM MODELO DE DESENVOLVIMENTO MAIS SUSTENTÁVEL

Num contexto de internacionalização da economia e de competitividade entre os sistemas urbanos, a explosão urbana sob um determinado modelo (degradação urbana devido ao congestionamento, stress ambiental, consumo de solo, recursos e energia...) é a causa de uma série de disfunções que se podem resumir em 4 grupos:

- degradação da qualidade de vida urbana,
- perda de estabilidade e coesão social,
- fragilidade do sistema económico porque se baseia na crença da existência ilimitada de recursos,
- exploração dos sistemas naturais acima da sua capacidade.

A marca que deixam as cidades para manter e aumentar a sua complexidade (e entrar assim na espiral de competitividade com outras cidades) é cada vez maior, porque se baseia no consumo ilimitado de recursos, energia e espaço (nalgumas regiões ocupou-se mais espaço nos últimos 20 anos do que nos 2000 anteriores).

Frente ao modelo de urbanização difusa no território propõe-se o modelo de cidade compacta, diversa, eficiente e coesa socialmente, que se encaminha para a auto-suficiência no consumo de energia, água e materiais.

Este é precisamente o modelo de desenvolvimento urbano que foi amplamente explicitado na elaboração das Agendas 21 dos municípios do Eixo Atlântico. O diagnóstico realizado ajusta-se a este modelo. Como se assinalou antes, é intencional na medida em que começam a aflorar soluções para as diferentes disfunções que se detectam. O modelo estrutura-se em quatro eixos, que se analisam separadamente, e que com uma visão mais transversal, acabam por configurar um modelo tendencial de futuro.

O primeiro eixo (a ordem não é relevante) faz referência à diversidade, à complexidade do sistema. O que nos sistemas naturais se conhece como biodi-

versidade também se pode medir nos sistemas urbanos. Uma complexidade elevada está associada a uma maior maturidade do sistema. Este eixo dá sentido ao que se propõe como nova estratégia de competitividade para os nossos sistemas urbanos: o aumento da informação organizada, frente ao aumento no consumo que é, basicamente, a estratégia actual.

Qualquer sistema da biosfera tende a aumentar a sua complexidade, dizem-no as leis da termodinâmica. Nos sistemas urbanos, “aumento de complexidade” quer dizer aumento na miscelânea de usos e funções, na mescla de pessoas diferentes e de actividades também variadas, e portanto a possibilidade de novas sinergias. Este aumento da probabilidade de contacto está na base de boa parte das características das nossas cidades que nos interessam potenciar: mais estabilidade social, mais oportunidades, mais conhecimento, menos dependência de veículos motorizados para as actividades quotidianas...

Está demonstrado que os sistemas mais complexos são os que melhor se posicionam e enfrentam as incertezas futuras, por exemplo, o desaparecimento de um sector produtivo ou o aumento na previsão de imigração.

O trabalho desenvolvido neste eixo supôs caracterizar as pessoas jurídicas, quer dizer actividades económicas, associações, administração..., ou seja, qualquer elemento que esteja organizado no território. Isto fez-se, inclusive, sobre sistemas de informação geográficos.

O segundo eixo refere-se à compactação como ideia de equilíbrio entre o espaço edificado e o espaço público que possibilita a relação. Se algo caracteriza a maioria de municípios do Eixo é precisamente o contrário: a dispersão no território. Uma urbanização difusa no território apresenta inúmeros problemas: Como oferecer um serviço de transporte público de qualidade quando não há a massa crítica suficiente para ser rentável? Como dar resposta às necessidades de serviços sociais ou sanitários de uma sociedade cada vez mais envelhecida, e muito distanciada fisicamente? Como gerir um serviço de recolha de resíduos domésticos de qualidade, quer dizer, frequente, recolha selectiva...? Afinal, a dependência do veículo particular –para quem o tem, já que mais de 50% das pessoas ou não têm carta de condução ou são dependentes de terceiros- é total, e com isso a necessidade de infra-estruturas fixas de transporte.

A cidade compacta, pelo contrário, apresenta potencialmente a possibilidade de possuir um transporte público de qualidade, por exemplo. É de pensar no subsolo ou nos terraços e nos telhados como espaços onde se podem resolver

algumas disfunções que agora se dão à superfície. A cidade compacta possibilita a cidade diversa.

O terceiro eixo que se trabalhou faz referência à eficiência nos ciclos de materiais, energia e água.

Trabalhou-se cada um destes ciclos separadamente, e onde a informação esteve disponível analisou-se com potentes modelos de simulação que “desenham” e quantificam os ciclos actuais e permitem detectar aquelas peças de toda a engrenagem de gestão que devem ser melhoradas.

Para entender este eixo relativamente aos dois anteriores, e a título de exemplo sintético daquilo que se pretende assinalar, podemos comentar o dado de que as cidades dos Estados Unidos consomem quatro vezes mais petróleo por habitante que as cidades europeias (RUDI, 1999).

Por último, o quarto eixo é o da estabilidade e da coesão social. Em íntima relação com os três anteriores, problemas como o envelhecimento da população, o aumento desorganizado da imigração, o crescente aumento da diferença entre ricos e pobres, a falta de acesso à habitação de qualidade... são colocados e serão considerados no modelo que se define.

Em síntese, propõe-se o modelo de cidade compacta e diversa, que faz um uso eficiente dos seus recursos e está coesa socialmente, como modelo de desenvolvimento mais sustentável, frente ao modelo de cidade difusa e dispersa no território, com um elevado consumo de solo e, logo, de materiais e energia, que separa usos e funções e segrega socialmente.

Apesar de não existirem modelos puros de cidades compactas ou de cidades difusas, é verdade que as tendências daquilo que poderíamos chamar “modelo anglo-saxónico” frente ao “modelo de cidade mediterrânea”, estão bem definidas. É por isso que temos uma oportunidade, a partir das nossas cidades, de definir modelos mais sustentáveis, introduzindo as mudanças necessárias e invertendo a tendência predominante para a difusão no território dos nossos desenvolvimentos urbanos.

DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁVEL DO
EIXO ATLÂNTICO 2013

4. A NECESSIDADE DE UMA APROXIMAÇÃO ECOSISTÊMICA: COMPLEXIDADE VS. LINEARIDADE

No diagnóstico empregou-se uma metodologia própria da ecologia, ciência que estuda as relações entre os organismos e o seu ambiente. A cidade é concebida como um ecossistema, quer dizer, como o conjunto de todos os organismos (e em particular um predominante, o Homem) que vivem em comunidade e todos os factores não vivos (factores abióticos) com os quais os organismos actuam de forma recíproca.

A maneira habitual de enfrentar um problema no âmbito da planeamento responde a uma lógica linear, em que se procura encontrar uma solução para cada problema. Esta maneira de actuar tem um claro reflexo na organização da administração pública, onde a divisão de funções e a delimitação clara de competências, e logo a reclamação de responsabilidades, é uma preocupação importante. Se a isso acrescentarmos as limitações temporais que os calendários políticos estabelecem, a abordagem de temas estratégicos, que devem ser considerados muitas vezes a médio e longo prazo pela sua complexidade e pelas suas implicações, torna-se mais difícil.

Este também foi, em muitas ocasiões, o ponto de vista predominante das Agendas 21, que acabaram por se converter numa grande recompilação de iniciativas parciais.

Aparentemente, esta forma de actuar é efectiva nalguns casos. Se detectarmos um incremento na produção de resíduos, incrementa-se a capacidade de recolha e tratamento, e o problema parece resolvido, pelo menos numa primeira fase. Noutros casos, porém, o problema é mais complexo: se detectarmos que o nível de ruído numa cidade está acima dos níveis aconselháveis, e isso for devido à circulação de veículos motorizados, a solução não parece tão fácil. De facto, a sua resolução supõe repensar o modelo de cidade.

Quando o sistema é muito complexo, como é o caso de uma cidade, o pensamento linear dará lugar a uma maneira mais global de conceptualizar e analisar a realidade urbana, em que determinadas actuações *a priori* positivas,

podem ter consequências que nem sempre se previram em âmbitos diferentes ao inicialmente objecto da actuação.

Este ponto de vista holístico, transversal, é o que se seguiu na elaboração dos diagnósticos e dos planos de acção das Agendas 21 do Eixo.

Quando as cidades eram sistemas quase estacionários, com uma população constante e portanto com um consumo de energia e recursos também constantes, assemelhavam-se aos ecossistemas naturais, cujo equilíbrio que se conseguia era a garantia da sua persistência. A cidade é agora totalmente dependente do exterior. Esta relação não pode ser obviada num processo de elaboração das Agendas 21.

5. METODOLOGIA E INSTRUMENTOS PARA O DIAGNÓSTICO

Tal como ocorre noutros sistemas complexos, parece que determinadas propriedades não se explicam pela soma das partes. Além do mais, aparecem propriedades “emergentes”, não dedutíveis unicamente a partir da linearidade dos processos que têm lugar no sistema.

Entramos, portanto, num novo modelo conceptual que requer o marco teórico de referência, mas também, como se assinalou anteriormente, o instrumental –técnico- e o organizacional e normativo para o seu desenvolvimento.

- Unha compoñente de *sostibilidade territorial*, asociada á conservación e promoción dos recursos naturais, ambientais e culturais, así como á

prevención e loita contra catástrofes naturais, particularmente os incendios forestais.

- Unha compoñente de *cooperación territorial*, asociada ao fortalecemento da cooperación e integración social e institucional das colectividades raianas.

2.4.1. O Plano Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013

De entre a documentación de referencia e interese para os Concellos e Câmaras do Eixo Atlántico, que estiveron traballando estes últimos anos no desenvolvemento sostible a través das Axendas 21, é salientable o “Plan Estratéxico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013”, elaborado dun xeito conxunto pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (Xunta-CCDR-N), e aprobado o 13 de abril de 2007 no Cumio de Guimarães¹⁵.

O seu obxectivo fundamental marca dun xeito claro a orientación da programación Comunitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e da Região Norte de Portugal, máis aínda dun xeito sinérxico, o rueroi estratéxico de ámbalas dúas realidades político-administrativas. O obxectivo de Plan amósase revelador neste senso, xa que logo pretende crear *un espazo transnacional, interrexional e transfronteirizo de cooperación que integre as peculiaridades das dúas rexións e os seus marcos políticos e institucionais, valore a competitividade e o atractivo do territorio común e organice e identifique procesos de colaboración institucional*.

As liñas a traveso das cais preténdese facer efectivo o plantexamento anterior son tres:

- Valorar e promover a competitividade do tecido productivo da Eurorrexión a través do coñecemento e a innovación.
- Convertir a Eurorrexión nun territorio máis atractivo reforzando as sinerxías entre crecemento e desenvolvemento sostible.
- Aumentar a coesión social e institucional da Eurorrexión, Galicia-Norte de Portugal.

15. Dispoñible unha versión en portugués de novembro de 2007.

Para elo habería que incidir en:

- Dinamizar económica e socialmente o espazo transfronteirizo.
- Mellorar as infraestruturas e a conexión e integración do territorio entendido como un conxunto (especialmente para as áreas xeográficas portuguesas de Minho-Lima e Alto Tâmega).
- Establecer obxectivos estratéxicos claros para ambas Rexións.
- Establecer unha cooperación institucional sólida interrexional e transfronteiriza entre ambas Rexións. Sobre todo a partir da constitución da Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT) na Eurorrexión (Consello da Xunta do 31 de xaneiro de 2008)¹⁶, como instrumento de “terceira xeneración” na cooperación transfronteiriza, e a evolución da Comunidade de Traballo de Galicia-Norte de Portugal, das Comunidades Territoriais de Cooperación, e do Eixo Atlántico.

É eiqúí onde deben figurar as orientacións de Concellos e Municípios das novas zonas subvencionables, como xa foi referido no apartado anterior:

Zonas subvencionables	Galicia	Norte de Portugal
5 áreas NUTS III básicas fronteirizas	Pontevedra e Ourense	Minho-Lima, Cávado e Alto Tras-os-Montes.
6 áreas NUTS III adxacentes	A Coruña e Lugo	Área metropolitana do Porto, Ave, Tâmega, entre Douro e Vouga.

A estrutura do Plan danos pistas para poder enfocar as propostas dos Concellos e Municípios (Plans de Acción) en torno aos obxectivos prioritarios da Unión, as súas Directrices Estratéxicas para 2007-2013 e a súa articulación cos obxectivos intermedios do QREN portugués e do MENR español, así como da Estratexia Galicia-Norte de Portugal.

Desta xeito existe unha desexable trazabilidade entre os obxectivos xerais e os específicos, aos que hai que engadir os desexos das organizacións do Eixo Atlántico, en forma de Plans de Acción.

16. Acordo polo que se autoriza o inicio dos trámites previstos no Real decreto 37/2008, do 18 de xaneiro, conducentes á constitución e posta en marcha de Galicia- Norte de Portugal, Agrupación Europea de Cooperación Territorial ao abeiro do Regulamento (CE) 1082/2006.

MUNICIPIOS NORTE DE PORTUGAL E DE GALICIA		ENCADRAMENTO DOS DIFERENTES PROGRAMAS
EIXOS ESTRATÉXICOS	ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN	
COMPACIDADE	<p>Nuclearización do sistema urbán (construción de equipamentos públicos e atracción de actividades e funcións urbáns).</p> <p>Recalificación e revitalización dos centros urbáns (partenariado para a rexeneración urbán -espazos públicos e edificados-).</p> <p>Rehabilitación do parque de vivendas e incentivos ao arrendamento urbán (atracción de novos residentes e vivendas para todos).</p> <p>Humanizar os espazos públicos (recalificación do espazo público, valorización dos espazos de sociabilidade).</p> <p>Devolver a rúa ao cidadán (disciplinar o estacionamento, crear vías peatonais, compatibilizar circulación do automóbil e peatonal).</p> <p>Transportes amigos do medio ambiente (incentivar a utilización da bicicleta e a utilización de biocombustibles, crear vías ciclistas).</p> <p>Transportes para o futuro (articular os diferentes modos de transporte, alargar a rede de transportes públicos urbáns e crear liñas adicadas para grupos específicos da poboación).</p>	<p>POTVT EIXO IX POLIS XXI</p> <p>POR NORTE EIXO III / IV MECEGA 2007-2013 PRTG, 2007-2013</p>
COMPLEXIDADE	<p>Reforzar a atratividade e a competitividade dos territorios (parques tecnolóxicos e empresariais, centros de negocio, etc.).</p> <p>Implementar modelos de desenvolvemento turístico sostibles. Reforzar e diversificar os factores de atracción turística (rueiros temáticos, turismo de aventura e natureza, eventos, etc.).</p> <p>Valorización dos espazos verdes e da biodiversidade urbán (recalificación de áreas degradadas, xestión sostible de espazos de interese paisaxístico e protexer áreas naturais e sensíbeis).</p> <p>Protexer e valorizar os espazos forestais.</p>	<p>POTVT EIXO IX POLIS XXI</p> <p>POR NORTE EIXOS I E II PNDR MECEGA 2007-2013 PRTG, 2007-2013 PDRG, 2007-2013</p>

MUNICIPIOS NORTE DE PORTUGAL E DE GALICIA		
EIXOS ESTRATÉXICOS	ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN	ENCADRAMENTO DOS DIFERENTES PROGRAMAS
EFICIENCIA DO METABOLISMO URBANO	<p>Redución de depósitos de Residuos Urbanos Biodegradables (RUB) baixo terra (consumo responsable, compostaxe, etc.).</p> <p>Mellorar a eficacia da recolleita/valorización dos fluxos especiais de residuos (recicla xe e reutilización dos residuos de construción e demolición, copontos fixos e mobséis).</p> <p>Incrementar os niveis de valorización material da recolleita selectiva líquida (aceites, produción de biocombustibles, etc.).</p> <p>Abastecemento de auga sostible (eficiencia dos sistemas de distribución, consumo responsable, calidade da auga).</p> <p>Valorización das augas residuais e pluviais (introdución de tecnoloxías de tratamento ecolóxico, creación de sistemas de recolleita e utilización de augas pluviais).</p> <p>Produción descentralizada e autonomía enerxética (instalación de paneis fotovoltaicos, biomasa, xeotérmica e eólica).</p> <p>Eficiencia enerxética de edificios (auditorías enerxéticas, creación de axencias de enerxía, regulamentos e accións de sensibilización).</p>	<p>POTVT EIXOS II e VIII POR NORTE EIXO III e IV POLIS XXI MECEGA 2007-2013 PRTG, 2007-2013</p>
ESTABILIDADE E COESIÓN SOCIAL	<p>Consellos Municipais de Sostibilidade (mobilización dos actores locais en torno aos obxectivos de sostibilidade).</p> <p>Orzamento Participativo (creación de espazos e mecanismos de participación pública na definición dos orzamentos municipais).</p> <p>Accións de educación e sensibilización para a sostibilidade (creación de Ecoclubes e lanzamento de campañas temáticas ou adicadas a públicos específicos, en particular ao público escolar).</p> <p>Aldeas tecnolóxicas (desenvolvemento de proxectos de difusión e acceso ás TIC colo- cándoas ao servizo do desenvolvemento local).</p> <p>Prazas Mul-TI (creación de proxectos piloto que combinen o acceso ás TIC e á inno- vación na prestación de servizos públicos).</p>	<p>POTVT EIXO IX POR NORTE EIXO IV e V POLIS XXI PNDR MECEGA 2007-2013 PRTG, 2007-2013 Nucleos de Sostibilidade</p>

3. CONTRIBUCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS COMÚNS

3.1. ÁMBITOS DE COOPERACIÓN E TIPOLOXÍAS DE PROXECTOS COMÚNS

Da análise dos Plans de Sostibilidade e de Acción que estiveron dispoñibles ao longo deste tempo investigación, así como o estudo do conxunto da Programación Financeira da UE para o período 2007-2013, foi posible extraer algúns temas e preocupacións, que entendemos comúns aos Concellos que integran o Eixo Atlántico, e que poderán servir de punto de partida para o desenvolvemento de posibles accións conxuntas. De entre eses temas e preocupacións salientamos os seguintes ámbitos/áreas de cooperación potencial:

- 1) *A rexeneración e valorización dos centros históricos ou cívicos en canto que áreas residenciais sostibles con calidade de vida*, ademais da recalificación e inserción urbana de barrios críticos, de áreas abandonadas ou con usos obsoletos. En calquera dos casos, a aposta pasa pola rehabilitación do edificado e pola recalificación urbanística e a revitalización socioeconómica das respectivas áreas; tamén pola creación e xestión sostible de espazos verdes de utilización colectiva (parques urbáns, xardíns públicos, etc.). Estas iniciativas implican asemade políticas de promoción e incentivo ao arrendamento urbán para fins residenciais, de atracción de novos residentes, actividades e funcións urbáns. Aínda que non fora referido nos plans, xulgamos que debería ser introducida eiqú a problemática da construción sostible nas súas múltiples dimensións -ecomateriais, procesos e solucións construtivas, eficiencia enerxética, etc.-.

Neste ámbito non é fácil desenvolver proxectos infraestruturais comúns (ao nivel do Eixo ou mesmo dos seus membros en cada un dos Estados e Rexións), tendo en conta non só a natureza e as especificidades das intervencións máis tamén o facto dos parteneirados suxeridos nos programas nacionais e comunitarios que privilexien a cooperación entre actores dunha mesma cidade. Non entanto, xulgamos que será posible, recomendable, a promoción

de accións e iniciativas comúns (factibles de seren integradas nunha ou varias candidaturas conxuntas) nos seguintes ámbitos:

- Compartir problemas e experiencias a través da realización de Seminarios, Fórums Temáticos e Accións de *Benchmarking*;
- definición de aproximacións e metodoloxías de intervención comúns, co apoio técnico de especialistas e entidades de recoñecido prestixio;
- elaboración conxunta de “Guías de Boas Prácticas” e de “Plans de Comunicación e Marketing” para a promoción dos centros urbáns.

2) *A mellora e cualificación das accesibilidades e mobilidade urbana*, incluíndo os aspectos relacionados co planeamento e a xestión da circulación urbana e do estacionamento automóbil, a circulación peatonal e a accesibilidade para os cidadáns coa mobilidade reducida, os transportes públicos de pasaxeiros no medio urbán e nas zonas rurais de baixa densidade, a introdución de medios de transporte suaves e amigos do ambiente (bicicletas e utilización de biocombustibles) ou a creación de liñas adicadas a coordinación das diferentes modalidades de transporte.

Neste ámbito xulgamos que existen algunhas oportunidades de cooperación que é de suma importancia aproveitar e promover, especialmente no que se refire a compartir coñecementos e experiencias e ao desenvolvemento de aproximacións e metodoloxías comúns. Neste senso propónse:

- Creación de Grupos de Traballo Temáticos, constituídos en función da dimensión e das preocupacións específicas dos membros do Eixo (algúns exemplos: Redes Cicloturísticas, Redes Peatonais, Mobilidade Sostible en Cidades Medias, Transportes Públicos Urbáns) co obxectivo de formular estratexias e intervencións comúns;
- elaboración de Plans de Mobilidade Sostible, complementarias ás Axendas 21, os cais poden ser obxecto de unha candidatura conxunta ou parcial ao programa de Cooperación Transfronteiriza (POCTEP) ou aos programas rexionais de Galicia e do Norte de Portugal.

3) *A valorización das actividades económicas con forte impacto nas dinámicas urbáns*, creando condicións para a súa revitalización e desenvolvemento nunha lóxica de redistribución espacial e funcional. Neste ámbito, os proxectos incluídos nos Plans de Acción orientados ben para o sector do turismo (crecemento de rúas temáticas, organización dos axentes, creación e promoción de eventos, diversificación da oferta de motivos de interese e creación de novos produtos turísticos), ben para a creación

de infraestruturas e equipamentos de apoio ás actividades económicas (parques de ciencia e tecnoloxía, parques empresariais, centros de negocio). Trátase, na xeralidade dos casos, de proxectos específicos que dificilmente poderían ser encadrados por candidaturas e accións comúns. A única excepción parece ser a da concepción de modelos sostibles para o turismo, un concepto demasiado vago en no que paga a pena aprofundar, tendo en vista a súa operacionalización. Nese senso, suxerimos:

- A elaboración de unha “Guía das Boas Prácticas de Turismo Sostible” (con base nas experiencias existentes en diversos países);
- a elaboración de Cartas Municipais de Turismo Sostible, onde sexan vertidos os principios e as regras que os axentes locais se comprometen a respetar para o logro deste obxectivo.

4) *A reducción, reciclaxe e reutilización dos residuos urbáns*, pola vía da sensibilización cara a un consumo responsable, ou ben como optimización das operacións de recolleita/valorización dos residuos urbáns biodegradables (RUB) e de residuos especiais. Este parece ser, a par da enerxía, o ámbito onde parece existir un maior consenso en canto á natureza do problema e das solucións a implementar. Os proxectos presentados diríxense cara ao reforzo e xeralización da recolleita selectiva (ecopontos fixos e móbiles, instalación de depósitos de aceites e outros equipamentos en grandes produtores, creación de servizos adicados a determinadas liñas ou tipos de produtores, accións de sensibilización, etc.) e para o desenvolvemento de accións de reciclaxe (p. ex. compostaxe). Nestes ámbitos a realización de proxectos materiais comúns tamén se presenta de difícil concretización. Non entanto, ao nivel da reciclaxe e da reutilización existen moitas oportunidades de cooperación, sobor de todo no que ten relación coas solucións técnicas e empresariais para a súa valorización. En concreto, estamos a pensar na creación ou atracción de empresas para a reciclaxe de residuos da construción e demolición, de produción de biocombustibles a partir de aceites alimentarios ou aínda na incorporación de materiais reciclados nas obras de infraestruturas e equipamentos municipais. Nese senso suxerimos a:

- Realización dun Seminario Internacional sobre a Reciclaxe e Reutilización de Residuos da Construción e Demolición;
- elaboración dunha “Guía de *Benchmarking* e Emprendedores” para o desenvolvemento de actividades e negocios de REMADE (conceito moi

en voga nalgúns países e que traduce a idea de “refabricar”) na área da construción civil e obras públicas.

5) *O aproveitamento das augas residuais para fins urbáns, ademais dunha maior eficiencia na xestión do recurso auga* (redución dos consumos e das perdas, etc.). Aínda que os proxectos presentados neste ámbito teñan un número reducido, xulgamos que existen un importante e oportuno campo de cooperación, sobor de todo no que ten relación, unha vez máis, coa definición de aproximacións e metodoloxías comúns ou á difusión de solucións técnicas innovadoras. Nese senso, suxerimos o seguinte:

- Realización dun Seminario Internacional sobre os sistemas e as tecnoloxías de reutilización das augas residuais para fins urbáns (rego de xardíns e espazos verdes, limpeza de vías públicas, etc.);
- desenvolvemento de proxectos-piloto de xestión eficiente das redes públicas de abastecemento público urbán, no ámbito de candidaturas aos programas operacionais rexionais ou transfronteirizos.

6) *A xestión eficiente e a produción descentralizada e alternativa da enerxía tendo en vista a autonomía enerxética*. Este é tamén un ámbito moi valorado nos diferentes Plans de Acción. Os proxectos presentados apuntan cara a difusión das prácticas de auditoría enerxética, a instalación de microsistemas urbáns para a produción de enerxías limpas ou aínda o desenvolvemento de proxectos-piloto para o abastecemento de enerxía a equipamentos públicos ou a localidades ailladas. Nalgúns casos son mesmo presentadas solucións técnicas detalladas e seleccionados localizacións específicas para o desenvolvemento de proxectos-piloto. Tendo en conta que, neste ámbito, existe xa un importante acervo científico e tecnolóxico, suxerimos que sexan desenvolvidas as seguintes accións:

- Realización dun Seminario Internacional sobre os sistemas alternativos de produción enerxética no medio urbán;
- elaboración dunha “Guía para a Auditoría Enerxética de Edifícios Públicos”, a cal deberá incluír orientacións para a construción sostible en materia de consumo enerxético;
- desenvolvemento de proxectos-piloto de mellora do desempeño enerxético de edificios e de producións descentralizada de enerxía, no ámbito de candidaturas aos programas rexionais ou transfronteirizos.

7) *A creación de novas estruturas e prácticas de xestión da gobernanza pública local*, especialmente a creación de Consellos Municipais de Sostibilidade, a introdución de orzamentos participativos, a celebracións de Pactos de Cidadanía para as cuestións máis relevantes, a creación de Ecoclubes, a potenciación da educación ambiental. Este é un ámbito relativamente novo para a grande maioría dos membros do Eixo Atlántico e que rompe coas prácticas tradicionais de goberno e xestión local, fundamental para enraizar na cidade e na sociedade os principios e os valores do desenvolvemento sostible. Tendo en conta que moitos outros países e cidades xá hai moito desenvolven iniciativas e proxectos neste ámbito, suxerimos o seguinte:

- Realización dunha “Guía de *Benchmarking* e de Boas Prácticas sobre os modelos, os procesos, os mecanismos e os resultados de participación pública” (con especial incidencia na implementación das Axendas 21);
- creación da Rede de Ecoclubes do Eixo Atlántico, tendo en vista o intercambio de experiencias e o desenvolvemento de proxectos conxuntos, especialmente campañas de sensibilización e de educación ambiental.

3.2. ORIENTACIÓNS E RECOMENDACIÓNS

O resultado final do proceso de sostibilidade local creado polo Eixo, para os Concellos do Eixo, que ten continuidade en forma de programas no 2007-2013 e a implementación do mesmo nos Concellos que recentemente se integraron nel; pensamos que debe ser caracterizado como moi positivamente, xa que logo créanse unhas bases metodolóxicas novas e comúns, propias ás realidades dos seus Municipios; ademáis, do espírito de cooperación creado entre os Concellos, que pode ser considerado como outro dos seus éxitos.

Nembergantes, e concluídos algúns Plans de Acción, os principais desafíos cara ao futuro teñen que ver co:

- A implementación real nos Concellos onde estes se desenvolveron.
- A mellora dos sistemas de seguimento, control e avaliación a través dun modelo avanzado de indicadores de xestión.
- O reforzo da dimensión socioambiental das iniciativas locais.
- A extensión do modelo aos dezaseis novos Concellos, dende a metodoloxía creada.

Entendemos que estas catro razóns resultan suficientes para a profundización nalgúns dos proxectos que foron extraídos do proceso global de AX21Eixo, pero tamén que foron desenvolvidos dun xeito complementario no eido doutras Comisións Delegadas, como é o caso da Modernización da Administración e a súa programación para os próximos anos, en torno a figura das Axendas Locais Dixitais.

A creación da Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico debería ser o marco organizativo a través do cal se guíe a visión da organización e dos seus asociados nos próximos anos: o PISU e o SIUTEA. Nembregantes, existen fases ou etapas intermedias sobre as que traballar e aprofundar nos logros conquistados estes anos e a prol da sostibilidade local transfronteiriza, casi todas elas reflectidas nas actas das sucesivas Comisións Delegadas de Medio Ambiente:

- Creación dunha Unidade de Coordinación das AX21Eixo, que poida axudar á implementación das mesmas e á orientación das novas nos Concellos de recén ingreso.
- Elaboración definitiva do PISU, como base técnica das AX21Eixo actuais e das futuras.
- Xestión e actualización da web sobre as AX21Eixo, cunha proposta de información e contidos *on-line* a través dunha intranet para os asociados ao Eixo.
- Desenvolvemento de liñas de traballo sectoriais e complementarias en materia de medio ambiente, en aspectos técnicos tales como a enerxía e os residuos; e en aspectos sociais tales como a educación ambiental e o fomento das redes de gobernanza (empresas-terceiro sector-universidades).
- Elaboración dun Plan de Formación Sostible que integre accións presenciais e virtuais.

4. CONCLUSIÓNS: O EIXO ATLÁNTICO COMO AXENCIA DE ECOLOXÍA URBANA TRANSFRONTEIRIZA NA EUORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Coincidindo coa presentación do Informe de Estratexia das Axendas 21 do Eixo Atlántico, na súa versión final en novembro do 2007, deuse un paso firme cara unha nova etapa no Eixo, como asociación transfronteiriza de Concellos da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, caracterizada por un dobre proceso de integración territorial da súa trama urbana e de posicionamento transnacional.

Por un lado, porque se produce a consolidación territorial da organización coa ampliación dos seus asociados a 34 membros, en 2008. O Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular integra deste xeito unha estrutura urbana de cidades grandes e medianas galegas e portuguesas, que inclúe a case que seis millóns e medio de cidadáns, e que ratifica o acerto da súa creación e expansión da súa visión e obxectivos, concluída a principios da presente década coas (pen)últimas incorporacións.

Por outro, e complementario ao anterior, polo inicio dun dobre proceso de afianzamento transfronteirizo como un actor chave na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, e de posicionamento noutros contextos transrexionais rexional-locais como pode ser a través da presenza nos *Open Days* da Comisión Europea, ou na recén creada *EUROMOT*¹⁷.

Este dobre proceso de consolidación e expansión territorial, deixan ao Eixo Atlántico ante un novo reto que trascende as súas clásicas funcións de *lobby* transfronteirizo, de *liderado local* nos territorios de Galicia e do Norte de Portugal, de *think tank* en proxectos, investigacións e actuacións de moi diverso tipo, desenvolvidas a través das súas Comisións Delegadas e dos grupos de traballo, que o Eixo viu de constituir nesta última década.

O Eixo Atlántico asume así o liderado local en materia de desenvolvemento local sostible nun entorno que lle é propio, pero con proxección cara a unha Europa *alongada*.

17. <http://www.eixoatlantico.org>

Os novos proxectos para un período que non fixo máis que comezar (2007-2013)¹⁸, implicarán a *arte de gobernar* unha situación complexa a través de dúas dimensións estratéxicas, que deberán ser integradas dun xeito horizontal nas novas orientacións e toma de decisións dos Concellos do Eixo Atlántico:

- A *dimensión estratéxica da sostibilidade*, dende a consolidación dun modelo propio desenvolvido ao longo destes últimos anos nos Concellos do Eixo, e con ambición para a súa extensión aos Concellos recén integrados na súa estrutura.
- A *dimensión estratéxica da “boa gobernanza”*, a través dun modelo de redes caracterizado por:
 - desenvolvemento dunha gobernanza local que conte coa implicación dos sectores empresariais, sociais e educativos de diversa índole, nunha sorte de boa gobernanza para o desenvolvemento sostible, onde todos os actores do Eixo véxanse reflectidos, participando dun xeito activo nas súas estruturas de toma de decisións (por exemplo, nos Consellos Municipais de Sostibilidade);
 - desenvolvemento dunha gobernanza multinivel, de tipo *bottom-up*, onde o Eixo, teña presenza activa non só en Bruselas e ante as Institucións Comunitarias, senón cos seus pares rexionais-locais do resto da Unión, exercendo o papel de liderazgo que lle corresponde como asociación transfronteiriza de Concellos, con tradición e resultados dende a Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, cara o resto de Europa, e a través da EUROMOT.

Por parte do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, os primeiros pasos xa forón dados tanto na dimensión executiva, como na organizativa e de proxectos¹⁹. O reto de evolucionar dunha estrutura de *lobby* a outra de *think tank* tamén foi abordada nestes últimos anos.

O futuro, coa axuda dos Concellos, pasa por converter ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular nunha organización do coñecemento (*knowledge management*; OCDE, 2003) ao servizo dos cidadáns dos seus Municipios.

18. Vid. EC (2007). “The urban dimension in Community policies for the period 2007-2013. Guide”, European Commission (http://ec.europa.eu/regional_policy/index_en.htm).

19. http://www.eixoatlantico.com/subido/estudios_publicaciones/eixofolleto.pdf.

ARELLANO, D. (2003). *Gestión estratégica para el sector público. Del pensamiento estratégico al cambio organizacional*, México D.F.: Fondo de Cultura Económica.

BAZAGA, I. (1997). “El planteamiento estratégico en el ámbito público”, en BAÑÓN, R. e CARRILLO, E. (Comps.). *La nueva Administración pública*, Madrid: Alianza Editorial, 105-123.

CÁRDENAS, F. (2007). *Planificación Estratégica de las Ciudades*, Vigo: Eixo Atlántico (en Cd-Rom y en http://www.eixoatlantico.org/documentos/biblioteca/planificacion_estrategica_ciudades/es/index.htm).

CÁRDENAS, F. (2006). “Agendas 21 de los Municipios del Eixo Atlántico. Una visión de futuro más sostenible”, en *Eixo Atlántico. Revista da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, 10: 63-77.

CÁRDENAS, F. (2005). “Sistemas de información municipal y de soportes a la toma de decisiones para el planeamiento estratégico”, en SOUTO, X.M., BOUZADA, X. e FIGUEIREDO, A. (Coords.). *Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico*, Capítulo 9, Ourense: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, pp. 431-466.

DOMÍNGUEZ, L. e PARDELLAS, X. (Dir.) (2007). *Sete Ideias para Sete Anos Decisivos. Agenda Estratégica do Eixo Atlántico*, Vigo: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

FONT, N. e SUBIRATS, J. (2000). *Local y Sostenible. La Agenda 21 Local en España*, Barcelona: Icaria.

FRIEND, A. e RAPPORT, D. (1979). *Towards a comprehensive framework for environment statistics: a stress-response approach*, Ottawa: Statistics Canada.

FRIEDMANN, J. (2001). *Planificación en el ámbito público. Del conocimiento a la acción*, Madrid: INAP.

MARGALEF, R. (1981). *Ecología*, Barcelona: Omega.

OECD (2003). “The learning Government: Introduction and draft results of the survey of knowledge management practices in ministries/departments/agencies/ of central government”, in *GOV/PUMA* (2003)1, París: OECD.

OECD (1993). “OECD core set of indicators for environmental performance reviews”, in *Environmental Monographs* nº 83, París: OECD.

OSE, (2006). “Informe de Sostenibilidad en España 2006”, Alcalá de Henares: Observatorio de la Sostenibilidad de España (<http://www.sostenibilidad-es.org/observatorio%20sostenibilidad/esp/servicios/publicaciones/ise06/>).

RUEDA, S. (2005). “Modelos e indicadores para ciudades más sostenibles”, en SOUTO, X.M., BOUZADA, X. e FIGUEIREDO, A. (Coords.). *Segundos Estudos Estratéxicos do Eixo Atlántico*, Capítulo 10, Ourense: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, pp. 467-497.

RUDI, D. e NICHOLAS, F. (1999). *Building the 21st century home: The Sustainable Urban Neighbourhood*, London: Architectural Press.

RUEDA, S. (1999). “Estratègies per competir”, GARCÍA, A. e RUEDA, S. *La ciutat sostenible*. Barcelona: CCCB, pp. 145-166.

VARELA, E.J. (2007). “La Gobernanza y el Desarrollo Sostenible en Galicia. ¿La Construcción de una “Tercera Vía” de Sostenibilidad?” (pendente de publicación).

VARELA, E.J. (2005). “Galicia en el Marco Intergubernamental y Multinivel de la Unión Europea. El Desarrollo Sostenible Transfronterizo como Contribución al *Multilevel Governance*”, en PEREIRA, A.C. e ROJO, A. (Coords.). *Multiconstitucionalismo e Multigoberno. Estados e Rexións na Unión Europea*, Santiago de Compostela: Publicaciones da Cátedra Jean Monnet, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 331-366.

VV.AA. (2006), “Desenvolvimento Sustentable e Territorio na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal”, en *Eixo Atlántico. Revista da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, nº 10 (Xullo-Decembro, 2006).

VÁZQUEZ MAO, X. (Ed.) (2008). “O Que é o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular”, Porto: Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular.

ANEXO 1

DOCUMENTOS DE REFERENCIA DA UNIÓN EUROPEA, ESPAÑA, PORTUGAL E GALICIA.

Unión Europea

- REGLAMENTO (CE) Nº 1828/2006 de la Comisión, de 8 de diciembre de 2006 por el que se fijan normas de desarrollo para el Reglamento (CE) nº 1083/2006 del Consejo, por el que se establecen las disposiciones generales relativas al Fondo Europeo de Desarrollo Regional, al Fondo Social Europeo y al Fondo de Cohesión, y el Reglamento (CE) nº 1080/2006 del Parlamento Europeo y del Consejo, relativo al Fondo Europeo de Desarrollo regional.

España-Galicia

- Marco Estratégico Nacional de Referencia de España, 2007-2013. “España. Una manera de hacer Europa” (27 de abril de 2007).
- Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013 (31 de marzo de 2007). Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (Xunta-CCDR-N).
- Programa Operativo FEDER Galicia (2007-2013). Versión Preliminar. Incluido en el Marco Estratégico de Convergencia Económica de Galicia 2007-2013 (MECEGA, 2006).
- Programa Operativo de Cooperación Transfronteriza España-Portugal 2007-2013. “Documento Final Provisional” (Noviembre 2006). Dirección General de Fondos Comunitarios de España y Dirección General de Desarrollo Regional de Portugal.

Portugal:

- Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal, 2007-2013 (31 de marzo de 2007). Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (Xunta-CCDR-N).
- Programa Operacional Regional do Norte 2007-2013 (FEDER) (Setembro de 2007).
- Quadro de Referência Estratégico Nacional (QREN) 2007-2013 (Setembro de 2007).
- Programas Operacionais Temáticos – Factores de Competitividade, Potencial Humano e Valorização Territorial (Setembro de 2007).

ANEXO 2

CURRÍCULUM VITAE DOS AUTORES DO ESTUDO

— FRANCISCO CÁRDENAS ROPERO —

EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Licenciado en Ciencias Químicas pola Universidad de Barcelona. Diplomado en “Creación de Modelos en Ecoloxía e Medio Ambiente” pola Universidad Politécnica de Barcelona e en “Tratamento estatístico de datos” pola Universidad de Barcelona.
- Xefe de Programación e Planificación da Agencia de Ecología Urbana de Barcelona. Dende o ano 2000, como responsable de planificación na Agencia de Ecología, coordina proxectos nos ámbitos de mobilidade, espazo público, vectores ambientais, planificación estratéxica, etc... tanto a nivel local, estatal ou europeo.
- Traballou en diversos órganos oficiais dando soporte técnico á redacción de diferentes programas, entre os que destacan:
 - Plan de Saneamento Cataluña, na Junta de Saneamiento do Departamento de Medio Ambiente da Generalitat de Cataluña.
 - Programa de Xestión de Residuos Especiais de Cataluña, da Junta de Residuos da Generalitat de Cataluña.
 - Programa de Xestión de Residuos Urbáns de Cataluña, da Junta de Residuos da Generalitat de Cataluña.
 - Programa Metropolitano de Xestión de Residuos Municipais da Área Metropolitana de Barcelona.
 - Foi asesor técnico da área de urbanismo do Concello de Barcelona.

EXPERIENCIA PROFESIONAL DOCENTE

- Coordinou diversos proxectos de investigación centrados no análise ecosistémico da cidade, tanto a nivel local como estatal e europeo. Coordinou proxectos sectoriais sobre ruído, contaminación atmosférica, ciclo da auga, enerxía, diversidade, mobilidade e urbanismo.

É autor de máis de cuarenta artigos científico-técnicos sobre o medio ambiente urbán e coordinador de diferentes proxectos de investigación de

ámbito local, estatal e europeo (destaca a dirección técnica do proxecto LIFE96 ENV/E/288).

- Participa asiduamente como profesor invitado en diferentes cursos e posgraos, e colabora con varios centros de investigación.

— LUÍS MANUEL MORAIS LEITE RAMOS —

EXPERIÊNCIA PROFISSIONAL NA ADMINISTRAÇÃO PÚBLICA

- Entre 1984 e 1999, foi técnico e dirigente da Comissão de Coordenação da Região Norte, tendo desempenhado, entre outros, os seguintes cargos:
- Director Regional da Administração Autárquica (1996/1999).
- Coordenador Regional dos Gabinetes de Apoio Técnico (1996/1999).
- Chefe de Projecto do Programa de Desenvolvimento do Douro (1995/1999).
- Administrador do Projecto de Desenvolvimento Rural Integrado de Trás-os-Montes II (1995/1999).
- Técnico Superior da Unidade de Gestão do Projecto de Desenvolvimento Rural Integrado de Trás-os-Montes (1984/1995).

DOCÊNCIA UNIVERSITÁRIA E CARGOS ACADÉMICOS

- Desde 1999, na Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro:
- Professor Associado da área de Planeamento e Ordenamento do Território, tendo assegurado a regência das disciplinas de planeamento territorial, planeamento urbano, gestão da mobilidade, políticas públicas municipais, planeamento de redes de equipamentos dos cursos de Licenciatura em Engenharia Civil e Engenharia do Ambiente e dos Recursos Naturais e de Mestrado em Engenharia e Planeamento Municipal e SIG.
- Director do Mestrado em Planeamento e Engenharia Municipal.
- Vogal da Direcção do Mestrado em Sistemas de Informação Geográfica.
- Coordenador da Licenciatura em Engenharia Civil.
- Vice-Coordenador do Departamento de Engenharias.

PROJECTOS DE INVESTIGAÇÃO E PUBLICAÇÕES

- É Investigador do Centro de Estudos de Tecnologias do Ambiente e Vida da UTAD, tendo participado em vários projectos de investigação, nomeadamente:
 - *Urban Sustainability and Infrastructure Systems* (PTDC/ECM/73069/2006), em colaboração com a Universidade do Minho.
 - *Evaluation of Land-Use Changes in Douro*, (POCTI/ECM/49495/2002), em colaboração com a Universidade do Minho.

- *Dinâmicas territoriais e estruturação do território em Trás-os-Montes e Alto Douro*, no Grupo de Estudos Territoriais da UTAD.
 - *Nouvelles acésibilités et développement territorial*, em colaboração com a Unidade de Políticas Territoriais da École Nationale de Génie Rurale, des Eaux e des Fôrets de Clérmont Ferrand (França).
- É autor de mais de cinco dezenas de comunicações a congressos nacionais e internacionais e artigos técnicos e científicos nas áreas do desenvolvimento territorial, do planeamento e ordenamento do território, do desenvolvimento sustentável e dos sistemas de informação geográfica.

ESTUDOS, PLANOS E PROJECTOS

- Coordenou ou participou nas equipas responsáveis pela elaboração dos seguintes estudos, planos ou projectos relacionados com o ordenamento do território:
- *Estruturação do sistema de cidades médias de Castilla y Léon incluídas no âmbito Transfronteiriço da Região Fluvial Duero/Douro*. Estudo realizado no âmbito do INTERREG II C Sudoestes Europeu/Diagonal Continental.
 - *Candidatura do Alto Douro Vinhateiro a Património Mundial*. Foi responsável pela redacção do capítulo relativo à “Gestão do Território”.
 - *Plano Intermunicipal de Ordenamento do Território do Alto Douro Vinhateiro (PIOTADV)*. Integrou a equipa técnica.
 - *Revisão dos Planos Directores de Murça, Alijó, Sabrosa, Santa Marta de Penaguião, Mesão Frio, Vila Pouca de Aguiar e Sernancelhe*. Coordena a equipa técnica responsável pelo desenvolvimento dos respectivos trabalhos.
 - *Programa de Apoio às Áreas e Sectores Deprimidos*. Integrou a equipa, tendo redigido o relatório sobre Trás-os-Montes e Alto Douro.
 - *Plano Regional de Ordenamento do Território de Trás-os-Montes e Alto Douro*. Coordenou a equipa técnica da UTAD e do IPB.
 - *Plano Regional de Ordenamento do Território do Norte*. Integra a equipa técnica sendo responsável pelo tema “Espaços Rurais”.
 - *Planos de Mobilidade Sustentável de Santa Marta de Penaguião, Mirandela e Miranda do Douro*. Coordena a equipa técnica.

- *Relatórios de Avaliação Ambiental Estratégica dos PDM de Murça, Alijó, Sabrosa, Santa Marta de Penaguião, Mesão Frio, Vila Pouca de Aguiar e Sernancelhe.* Coordena a equipa técnica.

ACTIVIDADES EDITORIAIS

- Membro do Conselho Editorial de *Eixo Atlântico. Revista da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal*, da Associação de Municípios do Eixo Atlântico.
- Membro do Conselho Editorial e do Conselho Científico da Revista de Estudos Euroregionais - do CEER da Galiza e Norte de Portugal.
- Director da Revista INFO-Magazine da Ordem dos Engenheiros- Região Norte.

— ENRIQUE JOSÉ VARELA ÁLVAREZ —

EXPERIENCIA PROFESIONAL DOCENTE

- Profesor Axudante do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía da Universidade de Vigo. Con especialidade en Ciencia da Administración e Xestión Pública (dende 1999 ata a data).
- CoDirector do II Master en Políticas Comunitarias, Desenvolvemento e Cooperación Transfronteiriza da Universidade de Vigo (2007-2008).
- CoDirector do I Master en Políticas Comunitarias, Desenvolvemento e Cooperación Transfronteiriza da Universidade de Vigo (2006-2007).
- Director dos Cursos de Directivos da Xunta de Galicia (2007 e 2008).
- Coordinador Académico do Curso de Directivos da Xunta de Galicia (2006).
- Coordinador Académico do Master en Xestión e Dirección de Administracións Públicas (UVIGO, EGAP, EAPCaixanova, 2003-2004).
- Co-Director e Profesor dos “Master en Desarrollo Local y Medio Ambiente: Gestión de la Agenda 21 Local”, (Presencial-Distancia), organizado por *GreenPoint. Consultoría de Gestión Medioambiental* en colaboración co *Ilustre Colegio Nacional de Doctores y Licenciados en Ciencias Políticas y Sociología*, 2001-2002 y 2002-2003 (330 horas teórico-prácticas).

EMPRESA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Socio de GreenPoint. Consultoría de Gestión Medioambiental.
- Diversos contratos coas Administracións Autonómicas e Locais en materia de:
 - Implementación de Axendas 21 Locais.
 - Desenvolvemento de Plans de Participación Social.
 - Xestión de Programas de Educación Ambiental.

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

- Con campos principais en Desenvolvemento Sostible, Xestión Pública e Gobernanza. É salientable a participación nalgúns proxectos de investigación competitivos, como:
 - *Agendas 21 y Gobernanza en España y Galicia*, Ministerio de Educación y Ciencia (2007). Director: Prof. Dr. D. Francesc Morata (Catedrático

de Ciencias Políticas e Director do Institut Universitari d'Estudis Europeus). Adicación a tempo parcial.

- *Gobernanza para el Desarrollo Sostenible*, Ministerio de Educación y Ciencia (SEC 121320 2003-2006). Director: Prof. Dr. D. Francesc Morata (Catedrático de Ciencias Políticas e Director del Institut Universitari d'Estudis Europeus). Adicación a tempo parcial.
- De 2003 a 2005: *De la catástrofe ecológica a la crisis política: Opinión pública y opinión publicada sobre el Caso Prestige*, Ministerio de Ciencia y Tecnología (Referencia: VEM2003-2007; 6-C02-02) e Xunta de Galicia (Referencia: PGIDIT03CSO16302PR). Director: Prof. Dr. D. Juan de Dios Ruano Gómez (Titular de Socioloxía da Universidade de A Coruña). Adicación a tempo completo.

PUBLICACIONES NO ÁMBITO DO MEDIO AMBIENTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Varela Álvarez, Enrique José (2003). *Las Administraciones Públicas Contemporáneas. Una visión multidisciplinar desde el Estado de las Autonomías*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1-301.
- Varela Álvarez, Enrique José (2008). “La Gobernanza y el Desarrollo Sostenible en Galicia. ¿La Construcción de una “Tercera Vía” de Sostenibilidad?”, en Morata, Francesc (Dir.) (Pendente de publicación).
- Varela Álvarez, Enrique José (2005). “Las nuevas formas de participación socioambiental en los Ayuntamientos gallegos: el caso del Prestige y el voluntariado ambiental dos años después”, en VV.AA. *La Participación Ciudadana en las Grandes Ciudades*, Madrid: Universidad Rey Juan Carlos e Editorial Dykinson, pp. 415-433.
- Varela Álvarez, Enrique José (2005). “Galicia en el Marco Intergubernamental y Multinivel de la Unión Europea. El Desarrollo Sostenible Transfronterizo como Contribución al Multilevel Governance”, en Pereira Menaut, A.C. e Rojo Salgado, A. (Dirs.). *Multiconstitucionalismo e Multigoberno. Estados e Rexións na Unión Europea*, Santiago de Compostela: Publicacións da Cátedra Jean Monnet, Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, pp. 331-366.
- Varela Álvarez, Enrique José (2004). “O Desenvolvemento Sostible ante o Reto da Ampliación Europea: Problemas Territoriais, Políticos e Administrativos, ou cómo evolúu dunha Europa de dúas a outra de catro velocidades”,

- en VV.AA. *Ampliación e Convención*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, pp. 111-144.
- Varela Álvarez, Enrique José (2003). “O desenvolvemento sustentabel na Galiza despois do Prestige”, en *Análise Empresarial, Revista Galega de Economía e Ciencias Sociais*, 33: 3-9.
 - Varela Álvarez, Enrique José (2002). “Políticas Públicas Ambientales na Unión Europea”, en Pardellas de Blas, X. (Coord.). *España e Europa. Do franquismo ao Euro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, pp. 207-222
 - Peña Castiñeira, Francisco Javier e Varela Álvarez, Enrique José (1999). “La actuación de los gobiernos en el medio ambiente: políticas públicas ambientales”, en *Revista Galega de Administración Pública (REGAP)*, 19: 153-165.

OUTROS MÉRITOS

- Secretario do Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración e Filosofía da Universidade de Vigo (2006 ata a data).
- Director do Servizo de Publicacións do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular (2005 ata a data).
- Membro do *Centro de Excelencia Transfronteirizo Jean Monnet* da Universidade de Vigo (2006 ata a data).
- Director de *Ecotopía*, Sección sobre Medio Ambiente da Revista *El Siglo de Europa* (2001).

